







VOCABULARIO TEMA 1

O RELEVO ESPAÑOL



ALUVIÓN


Os aluviós son restos miudos de rocha transportados e depositados transitoria ou permanentemente por unha corrente de auga .Poden estar composto por area, grava, arxila ou lodo.. Por exemplo os aluviós transportados polo río Tambre son depositados no esteiro que este forma na súa desembocadura na ría de Noia e Muros.



FOZ

Unha foz é un val xeralmente estreito, limitado por paredes altas de roca, especialmente se constitúe a canle dun río. Fórmase cando o río circula sobre materiais duros, ben sobre rochas metamórficas ou cársticas. Por exemplo a foz do río Xúquer en Cuenca.

1. Estructura y composición de la geosfera



La litosfera comprende la totalidad de la corteza más una porción del manto superior.

La astenosfera es una subdivisión del manto superior situada bajo la litosfera. Es una zona de material blando y la litosfera es capaz de fluir sobre ella.

La mesosfera engloba el manto inferior. Es la unidad más voluminosa.

LITOSFERA

Es un conjunto más o menos rígido, fragmentado en diversas placas, que forma la superficie sólida del planeta y descansa sobre una capa plástica, la astenosfera. La litosfera está formada por la corteza y una parte del manto superior terrestre.




TECTONICA DE PLACAS

Teoría xeolóxica que explica os diferentes fenómenos xeolóxicos a partir dos movementos das placas litósféricas ríxidas sobre a astenosfera branda e viscosa, movementos que se deben as correntes de convección existentes no manto. Por exemplo a península Ibérica está na placa euroasiática.




Meseta

Superficie plana de gran extensión, horizontal ou lixeiramente basculada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus rebordes poden ser montañosos. Por exemplo en España é a unidade principal do relevo peninsular, resto do antigo macizo surxido na oroxenia herciniana, que foi arrasado pola erosión, e afectado e deformado polo movemento alpino que fixo xurdir os seus sistemas interiores e os rebordes montañosos.



PENICHAIRA

Rexión ou paisaxe case plana ou levemente inclinada, debido á erosión dunha zona montañosa. Está formada por materiais antigos e erosionados: granito, lousa e cuarcita. Por exemplo a penechaira extremeña.



Somontano ou pé de monte

pirenaico ou ibérico son: terras chairas, aínda que levemente inclinadas, entre as serras exteriores e o centro da depresión do Ebro. Están constituídos por materiais grosos e duros dos relevos montañosos, transportados polos ríos.




ESTEIRO

Un *esteiro* é unha zona de costa onde desemboca un río quedando cuberta pola preamar. Tamén se chama *estuario*. En realidade os esteiros son formacións que aparecen na desembocadura dos ríos por acumulacións dos sedimentos que arrastraron ao longo do seu curso e tamén polo impulso das mareas. A súa extensión depende moito da pendente do río e das mareas. Están considerados como as depuradoras naturais dos ríos . O que pasa é que hoxe non dan abasto, debido a porquería que baixa polos ríos. Exemplo: o esteiro do río Miño (na foto)



RÍA

Val fluvial asolagado en parte ou na súa totalidade polas augas do mar. Por exemplo ría de Muros e Noia



TÓMBOLO

Istmo de area que une unha antiga illa ao continente. Por exemplo o tómbolo que une a antiga illa do Grove con terra firme mediante o areal da Lanzada na provincia de Pontevedra

El complejo dunar costero de Corrubedo entre las rías de Arousa y Muros e Noia. Un depósito de arena espectacular, muy expuesto a los vientos del oeste, entre dos cabos de roca dura. Un espacio protegido en una costa muy humanizada con cantidad de pequeños núcleos pesqueros.



A veces en la costa gallega se localizan tómbolos como es el caso del Grove unido al continente por el arenal de la Lanzada entre las rías de Pontevedra y Arousa. Este arenal recuperado en los últimos años tiene dos caras: una expuesta a los vientos del oeste y una protegida orientada al estuario del río Umia. Un espacio interesante para la avifauna



• **Os zócolos** son chairas ou mesetas formadas na era primaria ou paleozoico como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesa era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Se non se ven afectados por novas presións forman relevos horizontais (penechairs). Se sofren presións, son ríxidas e ante os novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. Na actualidade ocupan extensas áreas na metade occidental da Península constituindo relevos horizontais.



PENECHAIRA EXTREMEÑA

• **Os macizos antigos** son montañas formadas na era terciaria polo novo levantamento dun bloque dun zócalo como consecuencia do movemento oroxénico alpino. Os materiais son paleozoicos. Estes macizos presentan cumes suaves e redondeados. Na Península, son macizos antigos as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo), o Macizo Galaico e a parte occidental da Cordilleira Cantábrica.



MONTES DE TOLEDO

• **As cordilleiras de pregamento** son grandes elevacións montañosas xurdidas na oroxénese alpina da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcáreos, depositados polo mar na era secundaria. Distínguense dous tipos:

- **Cordilleiras intermedias:** pregamento dos materiais depositados nos bordos dos zócolos (Sistema Ibérico e parte oriental da Cordilleira cantábrica).

- **Cordilleiras alpinas:** pregamento de materiais depositados en xeosinclinais ou fosas mariñas longas e profundas (Pirineos e cordilleiras Béticas). Teñen fortes pendentes e formas escarpadas.



PICOS DE EUROPA

As concas sedimentarias ou depresións: zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaría, arxila, arenitos e margas. As concas sedimentarias son **de dous tipos:** as concas sedimentarias formadas polo afundimento dun bloque dun zócalo a causa das presións oroxénicas da era terciaria (**depresións das mesetas do Douro, Texo e Guadiana**), e as **depresións prealpinas**, localizadas a ambos os lados das cordilleiras alpinas (**depresións do Ebro e do Guadalquivir**). As concas sedimentarias teñen relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxénes posteriores



DEPRESIÓN DO EBRO